



Materia	Dixitalización	Curso	2024/25
Profesora	Antonio Eiroa y Laura M^a Aneiros	Nivel	4º ESO

UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN

1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> ● Dispositivos dixitais, sistemas operativos e de comunicación. ● Seguridade e benestar dixital. ● Creación e maquetaxe de textos. ● Tratamento da información con follas de cálculo.
2ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> ● Edición e montaxe audiovisual. ● Creación e publicación de presentacións dixitais e infografías. ● Tratamento da información con bases de datos.
3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> ● Pensamento computacional: programación. ● Realidade virtual, aumentada e mixta. ● Cidadanía dixital crítica.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Serán os que se recollen no apartado 3.2 da Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia/módulo ao alumnado correspondente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase.

Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores.

Peso no total en cada UD: 100%

No caso de que algunha UD non poida ser impartida o seu peso será repartido equitativamente no resto das UD.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os traballos, tarefas ou actividades non presentados na data correspondente serán cualificados cunha nota de 0.

Os traballos, tarefas ou actividades copiados serán cualificados cunha nota de 0.

No caso de que se detecte que, polo propio desenvolvemento da programación ou as necesidades do grupo, as actividades non son suficientes para a consecución dos obxectivos ou o correcto desenvolvemento das unidades didácticas; o profesorado, poderá realizar unha proba escrita ou na Aula Virtual que ponderará ata o 40% da nota da avaliación.

A cualificación de cada unha das tres avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das tres avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

Cálculo da nota final do curso:

NOTA FINAL = 35% 1ªaval + 35% 2ªaval + 30% 3ªaval

O alumnado que na nota final do curso, unha vez aplicadas as correspondentes ponderacións, teña acadado unha cualificación de 5 ou máis de 5, terá superada a materia.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Ao comezo de cada unha das avaliacións, (segunda e terceira) o profesorado concretará aqueles traballos ou tarefas que o alumnado poderá entregar de novo, dentro dun prazo establecido, para recuperalos ou subir nota. A entrega de traballos ou tarefas non superados será obrigatorias para o alumnado que non superara a avaliación anterior, o resto do alumnado poderá realizala de xeito voluntario nos termos establecidos polo profesorado. A cualificación final de cada proba corresponderá á maior das obtidas en cada unha das oportunidades.



XUNTA
DE GALICIA

IES AS TELLEIRAS

ESTRADA DE CEDEIRA Km 1
15570 Narón (A Coruña)
Tlf: 881930350
ies.telleiras@edu.xunta.es



PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Non procede.